



Sumando forzas por un traballo decente. Manifesto ante o 1º de maio

Documento Hoac

As entidades promotoras da iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD) –Cáritas, Conferencia Española de Religiosos (CONFER), Irmandade Obreira de Acción Católica (HOAC), Xustiza e Paz, Xuventude Estudante Católica (XEC) e Xuventude Obreira Cristiá (XOC)– unimos as nosas voces e forzas neste 1.º de maio, festa dos traballadores e de san Xosé obreiro, para celebrar o sentido creador do traballo, clave para o desenvolvemento humano, integral e solidario, e para denunciar a falta de traballo decente para todas e todos na nosa sociedade.

Como Igrexa, que quere ser boa nova no noso mundo, facémosnos presentes e posicionámonos en contra daquelas situacións que atentan contra a dignidade das persoas.

O sistema configura unha sociedade onde o traballo non é un ben para a vida senón un instrumento ao servizo do capital por enriba da persoa. A deshumanización do traballo sitúa á persoa nunha perigosa situación de vulnerabilidade e exclusión social.

O noso actual sistema económico apóiase nun mercado laboral caracterizado polos elevados índices de desemprego (máis de 3,7 millóns de parados segundo a última EPA) e da temporalidade, a pobreza de moitos traballadores, a precariedade das redes de protección social (especialmente no que se refire ás coberturas por desemprego e a contía das pensións), os baixos salarios, o incremento da inseguridade laboral, a reducida representación e participación sindical e as dificultades para conciliar vida laboral e familiar.

Detrás deste inxusto marco laboral e social agáchanse dramáticas historias persoais de frustración, inseguridade e explotación, das que somos testemuñas directas porque compartimos a vida coas persoas que as sofren e padecémolas, tamén con frecuencia, nas nosas propias vidas.

Ante esta realidade de desigualdade e exclusión que afecta a millóns de traballadores e traballadoras, as entidades que participamos na iniciativa Igrexa polo Traballo Decente lembramos que «a política económica debe estar ao servizo do traballo digno. É imprescindible a colaboración de todos, especialmente de empresarios, sindicatos e políticos, para xerar ese emprego digno e estable, e contribuír con el ao desenvolvemento das persoas e da sociedade. É unha destacada forma de caridade e xustiza social» (Conferencia Episcopal Española, *Iglesia servidora de los pobres*, 32).

Como sinalan os bispos españois, «a política máis eficaz para lograr a integración e a cohesión social é, certamente, a creación de emprego. Mais, para que o traballo sirva para realizar á persoa, ademais de satisfacer as súas necesidades básicas, ha ser un traballo digno e estable». E engaden que foi o propio Bieito XVI quen «lanzou un chamamento para «unha coalición mundial a favor do traballo decente» e que a aposta por esta clase de traballo é o empeño social porque todos poidan poñer as súas capacidades ao servizo dos demais. Un emprego digno permítenos desenvolver os propios talentos, facilítanos o seu encontro con outros e achéganos autoestima e recoñecemento social».

Con motivo da celebración deste Primeiro de maio, defendemos e reivindicamos:

- Situar á persoa no centro da vida política, das relacións laborais e do traballo.
- Protexer o dereito ao traballo decente para posibilitar un desenvolvemento integral da persoa, onde o traballo sexa xerador de dignidade para a vida.
- Lograr a igualdade de oportunidades e trato para todos os homes e todas as mulleres.

- Garantir que o traballo permita desenvolver a nosa vocación e sirva para achegar os nosos dons á construción da sociedade desde o ben común.
- Recoñecer social e xuridicamente o traballo reprodutivo, para poñer en valor aqueles traballos de coidados que posibilitan e sosteñen a vida.
- Afirmar a seguridade e a saúde no noso ámbito de traballo, baixo unhas condicións laborais que non atenten contra a integridade física e psíquica da persoa, e que garantan a protección social do traballador.
- Alcanzar liberdade na empresa para que, como persoas, expresemos as nosas opinións, poidamos exercer o noso dereito para organizarnos colectivamente e participemos das decisións que afectan ás nosas vidas.
- Promover a conciliación real laboral e familiar, mediante a creación de ritmos e mecanismos que posibiliten o desenvolvemento integral da persoa na esfera laboral, familiar, cultural e espiritual.
- Lograr que o acceso aos dereitos para unha vida digna, como sanidade, vivenda ou educación, entre outros, non estean condicionados a ter ou non un traballo.

Como Igrexa no medio do mundo, os nosos movementos e entidades participan nesta realidade social e sufrimos os seus efectos deshumanizadores, o que nos pon en alerta para cuestionar os nosos estilos de vida e revisar a súa coherencia á luz do estilo de vida de Xesús de Nazaret.

Somos denuncia profética mentres somos alternativa, e achegámonos e somos fieis ao Evanxeo se somos testemuñas daquilo que reivindicamos. Temos conciencia da misión e do compromiso de ser fermento na masa, e da urxencia de crear novos mecanismos e relacións humanas que posibiliten unha vida e un traballo digno para todos.

Como xesto profético, neste 1º de maio convidamos ás distintas comunidades cristiás a celebrar a Eucaristía en acción de grazas polo don do traballo humano e como signo de solidariedade con quen sofre a deshumanización do traballo.

Convidamos, igualmente, a participar naquelas actividades que convoquen as organizacións sindicais para esixir un traballo decente acorde coa dignidade de toda persoa e de todas as persoas.

Documento Hoac